

HORARIOS DOS OBRADOIROS

GAITA

29/11	19.00 h. a 22.00 h. (Auditorio)
13/12	19.00 h. a 22.00 h. (Auditorio)
20/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)
22/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)

PERCUSIÓN

01/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)
02/12	10.30 h. a 13.30 h. (Conservatorio)
15/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)
16/12	10.30 h. a 13.30 h. (Conservatorio)
22/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)

REQUINTA

01/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)
02/12	10.30 h. a 13.30 h. (Conservatorio)
15/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)
16/12	10.30 h. a 13.30 h. (Conservatorio)
22/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)

CANTO

01/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)
02/12	10.30 h. a 13.30 h. (Conservatorio)
15/12	19.00 h. a 22.00 h. (Conservatorio)
16/12	10.30 h. a 13.30 h. (Conservatorio)

OBRADOIROS DE MÚSICA TRADICIONAL DO 29 DE NOVEMBRO O 22 DE DECEMBRO



GAITA
REQUINTA
PERCUSIÓN
CANTO

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:
CASA DA XUVENTUDE
Rúa Real, 29 - 986 392 171

PRAZAS LIMITADAS

A **Concellería de Xuventude e Voluntariado do Concello de Cangas** presentou o pasado 6 de novembro unha nova edición do proxecto **OBRADOIROS MUSICAIS**, que como xa sabedes é unha iniciativa que pretende afondar na formación musical dos novos artistas, achegando a Cangas a diferentes músicos de diversos estilos musicais. Nesta ocasión achegaremos a Música Tradicional, e para escomezar contaremos coa experiencia e a acreditada calidade de catro músicos de gaita, percusión, requinta e canto tradicional.

ALBERTO COSTAS

MESTRE DE PERCUSIÓN

Comenza a súa andaina musical no ano 1989 como alumno do recoñecido percusionista Francisco Estévez "chuco" na A.C.D. Atántida de Matamá. Foi cofundador e compoñente do grupo de música tradicional "Millaradas" e do grupo "Doela", cos que acadou varios premios nos concursos de cuartetos máis destacados de Galicia. O pasado ano foi recoñecido co premio ao mellor percusionista no concurso de gaiteiros solistas de Soutelo de Montes. Formou parte de grupos como Xendra, rumbadeira, Viola, O fiadeiro, Lembranzas Galegas, colaborou con distintos Grupos Folclóricos da zona de Vigo e Pontevedra e actuou con gaiteiros solistas como Iván Costa, Abraham Fernández, Diego Mariño, Alberto Coia ou os inolvidables "RICARDO PORTELA" e "MOXENAS". Actualmente, forma parte da compañía de música e danza GS e adícase a impartir clases de percusión tradicional pola provincia de Pontevedra nas áreas de Vigo, Marín Redondela, Tui e Caldas de Reis.

LOLA FERNÁNDEZ PARADA

MESTRA DE CANTO

Diplomada en Educación Musical e Xuíz-Adxudicador de percusión, cursa actualmente Historia e Ciencias da Música, ten formación en gaita, percusión, linguaxe musical, zanfona e pedagogía musical. Mestre de percusión e linguaxe musical, música e canto. Pertenceu a diversas agrupacións musicais, de gaitas e baile como, Ancoradoiro de Ribeira, Rebuldaina, Os Diplomáticos de Monte Alto, Fiandola, Orfeon Terra a Nosa e o grupo vocal Sete Sallas. Ademais colaborou con grupos como

"As Ménades", Suana Seivane, Uxía Senlle ou Lamatumbá, xuntando numerosas gravacións e premios na súa traxectoria. Actualmente, pertence o "Cuarteto Lagharen", o grupo "Fonla" e o grupo "Serra-lhe ai!!".

EDELMIRO FERNÁNDEZ

MESTRE DE GAITA

Diplomado en Educación Musical e Xuíz en Interpretación Afinación. Ten unha ampla traxectoria como gaitero solista e compositor de gaita. É Mestre no "Conservatorio de Música Tradicional e Folque" de Lalín e tamén director da "Banda de Gaitas Municipal de Outes" e dos Grupos de Gaitas "A Mámoa" de Luou - Teo e "Tahume" de Olveira - Ribeira. Membro fundador do Grupo de Música galega "Fiandola". Participou en numerosos premios, como solista, membro dos cuartetos "Ancoradoiro" e "Laghareu" e da Banda de Gaitas "Ancoradoiro" e fixo diversas gravacións e colaboracións con grupos de música e baile tradicional. Completa a súa formación con cursos de solfeo, pandereta, dixitación pechada na gaita, pedagogía musical, percusión tradicional e construción de palletas e pallóns.

JOSE LIZ DE CEA

MESTRE DE REQUINTA

Comeza a súa andaina musical aos 18 anos tocando a flauta de xeito autodidacta e a gaita galega cos mestres Enrique Otero, Nazario González "Moxenas" e Antón Corral. Xunto co guitarrista Daniel Vilar e o percusionista Isaac Álvarez fundan os grupos "Saterium" e "Beladona" e presentan varias gravacións. Ademais de coñecementos en canto e instrumentos de vento, comeza no ano 1998 a investigar instrumentos de corda como o Bouzouki, a guitarra portuguesa, a mandolina e a guitarra acústica, facendo diversas producións e colaboracións con outras formacións como Suso Bahamonde, Cristina Pato, Susana Seivane, Uxía e Blanco. Entre os últimos proxectos atópase a gravación da BSO do "Lapis do Carpinteiro". Actualmente pertence as formacións "Beladona", Banda de Gaitas "Xarabal", "Alfolíes", "Tres trastes trio", Cuarteto de Música Irlandesa.